



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE XESTOR/XESTORA DE CONTIDOS E SOPORTE DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE DE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017 E 2020, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador o día 27 de maio de 2021 para proceder á cualificación da segunda proba da fase de oposición do proceso selectivo, consistente en desenvolver por escrito, no prazo máximo de dúas horas, un tema de entre os incluídos na segunda parte do programa establecido na base quinta e realizado o 26 de maio de 2021, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base cuarta, alínea b) das bases específicas, os aspirantes aprobados obtiveron as seguintes cualificacións:

APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN
GÓMEZ	LÓPEZ ROI	8,00
FERNÁNDEZ	VILLAR CARLOS	6,50
ALONSO	PÉREZ SAMUEL	6,00

As persoas aspirantes admitidas no proceso selectivo e non incluídas na anterior relación ou non se presentaron ou non superaron o exercicio, de conformidade co disposto na base 11ª das bases xerais do proceso.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas. Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Os aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán achegalas tamén, por fax (886212843), no mesmo día da súa presentación, para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados, convocando aos candidatos que o superaron para a realización do terceiro exercicio escrito, sobre coñecemento do idioma galego e consistente, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto en relación coas funcións do posto, durante un tempo máximo de 30 minutos, **o xoves, día 3 de xuño de 2021, ás 9:30 horas, no Seminario 3, sito no andar primeiro do Pazo da Cultura, situado na rúa de Alexandre Bóveda s/n.**

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria do tribunal

